

**CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS (ART. 83 LOU)  
ENTRE**

A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

E

O CONCELLO DA CORUÑA

PARA

**A ELABORACIÓN DO ESTUDO “Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no resto do Estado e aproximacións a algunha experiencia europea. Texto base para a redacción dunha proposta de anteproxecto de Lei da Área Metropolitana da Coruña”**

A Coruña, 12 de xaneiro de 2017

**COMPARECEN**

Dunha parte, D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, en nome e representación do Concello da Coruña, (CIF 1503000J e domicilio en Praza María Pita,1, 15001 A Coruña), actuando en calidade de Alcalde en exercicio das funcións e competencias que lle atribúe o art. 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, D. Salvador Naya Fernández, Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, en representación da Universidade da Coruña (en adiante, UDC) (CIF Q6550005J, e domicilio en Rúa da Maestranza, s/n, 15001 A Coruña), no uso das atribucións que lle confire o art. 9 do Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (Art. 83 LOU) da Universidade Da Coruña (DOG do 01 de outubro de 2013).

Ambos os representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben no nome das entidades que representan o presente contrato e

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** As xuntanzas dos alcaldes e a alcaldesa da área metropolitana da Coruña, celebradas en xaneiro, marzo e abril de 2016 para impulsar os traballos para a construción dunha estratexia que afronte os retos máis relevantes da Coruña metropolitana, sobre a base da articulación de políticas públicas, presenta un significado especialmente singular polo que ten de xiro copernicano na orientación da resolución dos problemas que se nos presentan na contorna. Nestas reunións acordouse, en primeiro lugar, establecer os ámbitos de cooperación e complementariedade entre a estratexia de desenvolvemento urbano da cidade da Coruña e as desenvolvidas polo Consorcio ou a Mancomunidade de concellos da área metropolitana. En segundo lugar, acadouse un amplo consenso en relación á recuperación ambiental e da biodiversidade das rías e as súas contornas litorais. En terceiro lugar, impulsouse a coordinación das actuacións en políticas de desenvolvemento territorial, en especial aquelas que teñen que ver co planeamento urbanístico e cos servizos de transporte e mobilidade. En cuarto lugar, apostouse por proporcionar un enfoque metropolitano á xestión dos servizos públicos, formulándose unha proposta de obxectivos de acción macomunada sobre a avaliación, a análise e, no seu caso, a adopción de medidas coordinadas a nivel de área metropolitana en relación con servizos de interese común, en especial os relativos ao ciclo ambiental da auga e á xestión e o tratamento dos residuos urbanos.

**SEGUNDO.-** Neste contexto, a Mesa de Alcaldes e Alcaldesa impulsou un proceso de aproximación á cuestión da gobernanza metropolitana pola vía de xerar conxuntamente diagnósticos, iniciativas de planificación, xestión de servizos e accións de carácter supramunicipal e de rango metropolitano. Estamos así perante unha vía de construción da área metropolitana a partir da construción real de estratexias, clima, consensos e accións de carácter metropolitano, conxuntas e compartidas e baseadas na articulación das políticas públicas municipais.

**TERCEIRO.-** Que estando interesado o Concello da Coruña en impulsar a elaboración dun anteproxecto de Lei de Área Metropolitana coa máxima seguridade xurídica e o máis alto consenso político posible, considérase conveniente contratar a un grupo de investigadores especializados no dereito constitucional e administrativo do ámbito local, para a realización de traballos de asesoramento, estudo e redacción da memoria do borrador do anteproxecto de Lei de Area metropolitana da Coruña, nos termos previstos pola Lei 39/2015.



**CUARTO.-** Que a UDC como institución de servizo público, ten como fins prioritarios, entre outros, o fomento da investigación e a innovación, ben como a súa transferencia cara a sociedade. Para o mellor cumprimento destes fins, a UDC mantén relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e promove a celebración de convenios de investigación, innovación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente, ao abeiro da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e do artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades.

**QUINTO.-** Que a UDC posúe solvencia probada en traballos relacionados co obxecto do contrato. Con data 15 de outubro de 2012, asinouse contrato de servizos entre a Universidade da Coruña e o Consorcio das Mariñas, en virtude do cal se encargou ao profesor doutor de Dereito Administrativo, D. Carlos Alberto Amoedo Souto, o “*estudo, deseño e redacción dun protocolo de colaboración administrativa do Consorcio das Mariñas co Concello da Coruña*”.

**SEXTO.-** Que o pasado día 2 de outubro entrou en vigor o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, que establece como principios de boa regulación os seguintes:

*“1. No exercicio da iniciativa lexislativa e na potestade regulamentaria, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia. Na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo se trate, respectivamente, de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento, quedará suficientemente xustificada a súa adecuación aos principios mencionados.*

*2. En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.*

*3. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir coa norma, despois de constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.*

*4. A fin de garantir o principio de seguranza xurídica, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible,*

*integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas. Cando en materia de procedemento administrativo a iniciativa normativa estableza trámites adicionais ou distintos aos establecidos nesta lei, estes deberán ser xustificados atendendo á singularidade da materia ou aos fins perseguidos pola proposta. (...)*

*5. En aplicación do principio de transparencia, as administracións públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e aos documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo ou exposición de motivos e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas.*

*6. En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.*

*7. Cando a iniciativa normativa atinxa aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberanse cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos e subordinarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.*

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

Este contrato ten como obxecto regular a prestación dos servizos da UDC que se detallan na cláusula terceira, baixo o título global “Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no resto do Estado e aproximacións a algunha experiencia europea. Texto base para a redacción dunha proposta de anteproxecto de Lei da Área Metropolitana da Coruña”

### SEGUNDA.- REXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O contido deste contrato e a súa execución axustarase ao disposto no Regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos, artísticos ou docentes da Universidade da Coruña (DOG do 01 de outubro de 2013; en diante, Regulamento) e ao previsto no artigo 83 da LOU.

### TERCEIRA.- PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DOS SERVIZOS

Os servizos a prestar pola UDC serán os seguintes:

- ✓ Documento un: Aproximación aos contidos e á tramitación do expediente administrativo requirido para elevar ao Pleno da Corporación un acordo respecto ao art. 122 da Lei de Administración Local de Galicia.
- ✓ Documento dous: Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no Estado (Cataluña, Euskadi, Andalucía (Conurbación da Baía de Cádiz, etc.) e aproximacións a algunha experiencia europea (Rennes, Brest Metropole e Lille). O poder local e a análise das competencias da administración local (da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade á Lei 5/2014 de medidas urxentes derivada da Lei 27/2013). Análise de competencias para xestionar na área e a xeración de instrumentos de gobernanza metropolitana. Establecemento de criterios para un marco básico de financiamento do instrumento metropolitano.
- ✓ Documento tres: Anteproxecto de texto articulado para unha Lei da área Metropolitana da Coruña (AMC).

Para a súa elaboración deberase ter analizados:

- ✓ Traballos previos de determinación do réxime xurídico das áreas metropolitanas no actual Dereito local español (LBRL consolidada tras a Lei 27/2013 e sentenzas do Tribunal sobre a mesma) e na normativa galega de desenvolvemento da lexislación básica en materia de réxime local. En especial, nesta fase, o réxime de iniciativa á luz do artigo 122 da LALGA.
- ✓ Estudo comparado sobre as áreas metropolitanas en funcionamento no Reino de España, nomeadamente a de Barcelona (creada por Lei catalana 31/2010, de 3 de agosto) e Vigo (Lei galega 4/2012).
- ✓ Redacción da memoria normativa do borrador de anteproxecto de Lei da área metropolitana da Coruña, que acompañará ao texto articulado da mesma.

#### **CUARTA- DURACIÓN**

O prazo de execución dos servizos anteriores iniciárase na data de formalización do presente contrato, e rematarán o 30 de xuño de 2017, sen prexuízo da posibilidade dunha ou sucesivas prórrogas de mutuo acordo polas partes, que non poderán superar, en ningún caso, os doce meses de duración.

#### **QUINTA.- EQUIPO DE TRABALLO ADSCRITO Á EXECUCIÓN DO CONTRATO**

Os traballos derivados da execución deste contrato serán executados por persoal docente, investigador e da administración e servizos da Universidade da Coruña que figura no Anexo I, baixo a dirección do/da profesor/a Carlos Alberto Amoedo Souto, catedrático E.U. de Dereito Administrativo en servizo activo, que ten a condición de investigador principal e responsable da execución do contrato.

O/a investigador/a principal será responsable das indemnizacións e demais danos e prexuízos que deriven para a Universidade da Coruña dunha negligente execución do contrato. Para afianzar o anterior risco, o investigador principal poderá contratar unha póliza de seguros con cargo aos ingresos do proxecto contratado.

O/a director/a non poderá deixar a dirección dos traballos sen acordo cos asinantes deste contrato.

A Universidade poderá subcontratar, de ser o caso, servizos para colaborar na realización dos traballos nos termos previstos polo artigo 13 do Regulamento.

#### **SEXTA.- SUPERVISIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

O responsable do contrato será designado pola administración municipal.

Ao responsable do contrato correspóndelle supervisar e controlar a execución do presente contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización das prestacións pactadas, dentro do ámbito de facultades que se lle atribúan.

O Concello da Coruña poñerá a disposición do Adxudicatario a información que, estando na súa poder, sexa necesaria para a execución dos traballos.

Por parte da UDC será responsable da execución do contrato D/D<sup>a</sup> Carlos Alberto Amoedo Souto con destino na Facultade de Dereito nesta universidade.

A supervisión da execución do contrato e, de ser o caso, dos prazos parciais de entrega producirase de conformidade co calendario que pacten as partes.

### SÉTIMA.- IMPORTE DOS SERVIZOS E CONDICIÓNNS DE PAGAMENTO

As partes pactan tres pagamentos do contrato:

- a) Á entrega do documento un “Aproximación aos contidos e á tramitación do expediente administrativo requirido para elevar ao Pleno da Corporación un acordo respecto ao art. 122 da Lei de Administración Local de Galicia”: 30% .
- b) Á entrega do documento dous “Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no Estado (Cataluña, Euskadi, Andalucía (Conurbación da Baía de Cádiz, etc.) e aproximacións a algunha experiencia europea (Rennes, Brest Metropole e Lille). O poder local e a análise das competencias da administración local (da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade á Lei 5/2014 de medidas urxentes derivada da Lei 27/2013). Análise de competencias para xestionar na área e a xeración de instrumentos de gobernanza metropolitana. Establecemento de criterios para un marco básico de financiamento do instrumento metropolitano”: 30%.
- c) Á entrega do documento tres “Anteproxecto de texto articulado para unha Lei da área Metropolitana da Coruña (AMC): 40%.

Como contraprestación pola execución dos servizos contratados, o Concello da Coruña comprométese a aboar a cantidade total de 12.000 Euros.

A UDC facturará a anterior cantidade co IVE legalmente vixente dirixíndoas ao nome do Concello da Coruña, e faranse efectivas á Universidade da Coruña con CIF Q6550005J, e domicilio en Rúa da Maestranza, s/n, 15001 A Coruña, na conta corrente que se faga constar na factura e sempre mediante transferencia bancaria.

Os custos de xestión e retorno á UDC fíxanse no 13% da cantidade total expresada no primeiro párrafo desta cláusula. Estes custos serán deducidos pola xerencia da UDC unha vez se produza o pagamento total ou parcial do contrato.

Os pagamentos das cantidades debidas á UDC regúlanse polo previsto no artigo 216.4 do TRLCSP.

Ao remate do contrato, o responsable da execución do contrato por parte da UDC, presentará unha liquidación-resumo de ingresos e gastos, que remitirá á OTRI no mes seguinte ao prazo de vixencia.

## OITAVA.- PROPIEDAD E CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN

Os traballos resultantes serán propiedade do Concello da Coruña. Tanto a documentación final como toda aqueloutra que, ao longo do desenvolvemento do contrato fose xerada, ten a consideración de propiedade do Concello da Coruña e non poderá ser difundida nin entregada para uso de terceiros sen a súa previa autorización.

A UdC e o equipo de traballo conformado respecto do obxecto deste proxecto, quedará sometido en todo momento ás leis en vigor que rexen a confidencialidade e protección de datos, feito que deberá constar fehacientemente en todas as actuacións que realicen coas empresas e persoas no marco do presente proxecto. O adxudicatario queda comprometido a entregar os devanditos ficheiros no soporte que se especifique.

O persoal da UDC participante no traballo observará confidencialidade sobre toda aquela información do Concello da Coruña que teña que utilizar no desenvolvemento da actividade obxecto deste convenio, agás que o Concello da Coruña decida o contrario.

Do mesmo xeito, os informes que emita a UDC relativos a este asesoramento terán carácter confidencial, polo que non poderán ser coñecidos por ningunha outra empresa ou persoa sen autorización previa.

Esta obriga non será de aplicación cando:

- a) A parte receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
- b) A información recibida sexa ou pase a ser de dominio público.
- c) A parte receptora obteña autorización previa e por escrito para a súa revelación.
- d) A información sexa requirida xudicialmente.

O Concello da Coruña autoriza á UDC a dar información pública da firma deste Contrato na que poderá incluír: título, contido, importe e prazo de realización.

Ambas partes comprométense a que todo o persoal participante no Proxecto coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta cláusula.

Cando algunha das partes desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación ou difusión por calquera medio, deberá solicitar a conformidade da outra parte mediante método de comunicación fehaciente dirixido ao responsable do seguimento do Proxecto, sempre que isto non prexudique á posible protección de resultados por títulos de propiedade industrial. A outra parte deberá responder, de forma fehaciente, nun prazo máximo de trinta días, comunicando a súa autorización, a súas reservas ou a súa disconformidade sobre a información contida en devandita difusión.





Transcorrido devandito prazo sen obter resposta, entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

No obstante, a utilización do nome da UDC con fins publicitarios, requirirá a autorización previa e expresa por escrito dos órganos competentes da UDC.

No caso de publicación ou difusión por calquera das partes farase sempre referencia especial ao presente Contrato.

Tanto en publicacións como en patentes, respectarase sempre a mención dos autores ou inventores.

Na medida que dos traballos deste contrato xurda un resultado susceptible de inscrición no rexistro da propiedade intelectual e/ou de protección por un dereito de propiedade industrial, será de aplicación o Regulamento de Propiedade Industrial e Propiedade Intelectual da Universidade Da Coruña (DOG 31 de agosto de 2012), aparecendo necesariamente como autores e autoras aqueles/as investigadores/as da UDC que teñan participado nos anteditos traballos

A explotación de resultados e a regulación das regalías derivadas rexeráse polo devandito Regulamento. Non obstante, A UDC resérvase a facultade de uso dos coñecementos e resultados obtidos durante a realización do Proxecto para os fins da súa propia investigación e docencia.

As memorias ou traballos executados pola UDC poderán utilizar a imaxe corporativa desta.

Todos os bens mobles e inmobles que se financiaren a través destes contratos serán integrados no patrimonio da UDC, e dados de alta no seu inventario.

## **NOVENA.- PRÓRROGA, MODIFICACIÓN E RESCISIÓN**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo, sempre e cando non supoñan unha modificación substancial das condicións inicialmente pactadas.

Se por causas imputables á UDC non se levase ata o fin o traballo encomendado, o contrato quedaría automaticamente rescindido e o Concello da Coruña só tería que pagar o importe do traballo que efectivamente se realizase.

Así mesmo, se o Concello da Coruña pretendese unilateralmente dar por finalizado o traballo antes do seu remate, deberá pagar á UDC o importe total do traballo realmente executado ata o momento nun prazo non superior a un mes.

## DÉCIMA.- XURISDICIÓN

O Concello da Coruña e a UDC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que puiden xurdir no desenvolvemento do presente acordo. En caso de conflito, serán competentes os tribunais ordinarios da Coruña.

E en proba de conformidade de canto anteceder, asinan por duplicado o presente documento no lugar e na data arriba indicados.

**Polo Concello da Coruña,**



Xulio X. Ferreiro Baamonde

**Pola Universidade da Coruña,**



Salvador Naya Fernández

**ANEXO I.**

**PERSOAL INVESTIGADOR ADSCRITO Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:**

D. Carlos Alberto Amoedo Souto (IP). Catedrático E.U. Dereito Administrativo

D<sup>a</sup> Victoria de Dios Viéitez. Profesora Titular de Dereito Administrativo

D. Santiago Roura Gómez. Profesor Titular de Dereito Constitucional

**ANEXO II.  
INFORME SOBRE CONFORMACIÓN DE EQUIPO DE TRABALLO PARA  
ANÁLISE XURÍDICO-ECONÓMICO VINCULADO Á INICIATIVA DE  
CONFORMAR UNHA ÁREA METROPOLITANA NA CORUÑA**

## INFORME


ASUNTO: CONFORMACIÓN DE EQUIPO DE TRABAJO PARA ANÁLISE XURIDICO-ECONÓMICO VINCULADO Á INICIATIVA DE CONFORMAR UNHA ÁREA METROPOLITANA NA CORUÑA.

As reunións dos alcaldes e alcaldesa da área metropolitana da Coruña, celebradas en xaneiro, marzo e abril de 2016 para impulsar os traballos para a construción dunha estratexia que afronte os retos máis relevantes da Coruña metropolitana, sobre a base da articulación de políticas públicas, presenta un significado especialmente singular polo que supón respecto da orientación da resolución dos problemas que se nos expoñen na contorna metropolitana da Coruña.

Nas devanditas reunións acordouse, en primeiro lugar, establecer os ámbitos de cooperación e complementariedade entre as estratexias de desenvolvemento urbano da cidade da Coruña e as estratexias desenvolvidas polo Consorcio ou Mancomunidade de concellos da área metropolitana. En segundo lugar, alcanzouse un amplo acordo en relación á recuperación ambiental e da biodiversidade das rías e as súas contornas litorais. En terceiro lugar, acordouse coordinar actuacións en políticas de desenvolvemento territorial: aquelas que teñen que ver coa coordinación do plan urbanístico e cos servizos de transporte e mobilidade. En cuarto lugar, acordouse proporcionar un enfoque metropolitano á xestión de servizos públicos; formulándose unha proposta de obxectivos de acción mancomunada sobre a avaliación, análise e, no seu caso, adopción de medidas coordinadas a nivel de área metropolitana en relación con servizos de interese común, en especial os relativos ao ciclo ambiental da auga e á xestión e tratamento de residuos urbanos.

Neste contexto, a Mesa de Alcaldes/a impulsa un proceso de aproximación á cuestión da gobernanza metropolitana pola vía de xerar conxuntamente diagnósticos, iniciativas de planificación, xestión de servizos e accións de carácter supramunicipal e de rango metropolitano. Estamos así ante unha vía de construción da área metropolitana a partir da construción real de estratexias, consensos e accións de carácter metropolitano, conxuntas e compartidas e baseadas na articulación das políticas públicas municipais. De tal modo que a





institucionalización da entidade local metropolitana constituía un punto de chegada a partir dunha práctica previa de cooperación metropolitana.

O crecemento e a complexidade dos novos retos das cidades forzan unha importante evolución da definición das súas prioridades. Ata o momento o foco do crecemento urbano situábase no obxectivo de cubrir as necesidades derivadas do crecemento poboacional e a consecuente dotación de infraestruturas e equipamentos orientados a ese obxectivo. Expónsenos neste momento un novo escenario, un escenario presidido pola procura da eficiencia, unha maior calidade e un uso xusto e equitativo do espazo urbano e da prestación de servizos. As prioridades han de orientarse cara á consolidación do crecemento da cidade metropolitana e permitir a súa evolución de forma flexible, lograr unha administración máis receptiva e que responda as necesidades da cidadanía; unha administración solvente e viable económica e financeiramente, que incorpore a innovación como eixo vertebrador de todas as súas actividades e que contemple unha visión integrada de todos os ámbitos da nova cidade metropolitana.

Os novos retos afectan a ámbitos diversos e ás súas relacións, polo que a súa solución debe abordarse cunha visión integrada, o que xera unha novo paradigma de visión da cidade, o que obrigará a compartir información, decisións e responsabilidades entre subsistemas; a xestionar os retos de maneira transversal e a buscar sinerxias operativas entre servizos e procesos. É unha evidencia que as áreas metropolitanas son os escenarios nos que se manifestan de forma máis intensa as dinámicas sociais, culturais e políticas e que a economía do coñecemento e a sociedade en rede aumentan o poder de atracción destas áreas.

A nova visión da cidade ou do espazo urbano é a da articulación dun ámbito territorial cuxa habitabilidade dea unha resposta equilibrada a vellos e novos retos:

- a) Retos sociais: educación, sanidade e seguridade, atención social e mobilidade.
- b) Retos ambientais: sustentabilidade ambiental, xestión de recursos naturais (enerxía e auga) e prevención de riscos ambientais.
- c) Retos económicos: xeración de condicións equilibradas de competitividade e repartición da riqueza.
- d) Retos políticos: eficiencia da xestión pública, accesibilidade á administración e participación cidadá.
- e) Retos de planificación e gobernanza territorial.




Para afrontar estes retos e despregar un instrumento que permita articular a prestación conxunta de servizos (baseada en dotalos de maior calidade, no equilibrio territorial da calidade dos mesmos e na xeración de economías de escala baseadas no incremento racional da masa crítica de beneficiarios), así como a posta en funcionamento dun instrumento de gobernanza territorial que clarifique, simplifique e coordine as actuais formas de xestión de competencias entre distintas administracións multinivel: concellos, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, sete Alcaldes e Alcaldesa da área metropolitana da Coruña asinaron a Declaración Institucional de María Pita, que a sido referendada polos Plenos Corporativos dos respectivos Concellos.


Por outra banda e para avanzar no proceso metropolitano, a xunta de portavoces do concello da Coruña tomou a decisión política de conformar un equipo de perfil técnico xurídico para analizar o estado de situación en relación á normativa Local e de áreas metropolitanas.

Que estando interesado ou Concello da Coruña en elaborar un anteproxecto de Lei de Área Metropolitana coa máxima seguridade xurídica e ou máis alto consenso político posible, considérase conveniente contratar a un grupo de investigadores especializados non dereito constitucional e administrativo do ámbito local, para a realización de traballos de asesoramento, estudo e redacción da memoria do borrador do anteproxecto de Lei de Área metropolitana da Coruña, nos termos previstos pola Lei 39/2015.

En base a todo iso descríbese a continuación o alcance dos traballos que se expón sexan realizados:

- ✓ Documento un: Aproximación aos contidos e á tramitación do expediente administrativo requirido para elevar ao Pleno da Corporación un acordo respecto ao art. 122 da Lei de Administración Local de Galicia.
- ✓ Documento dous: Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no Estado (Cataluña, Euskadi, Andalucía (Conurbación da Baía de Cádiz, etc.) e aproximacións a algunha experiencia europea (Rennes, Brest Metropole e Lille). O poder local e a análise das competencias da administración local (da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade á Lei 5/2014 de medidas urxentes derivada da Lei 27/2013). Análise de competencias para xestionar na área e a xeración de instrumentos de gobernanza metropolitana. Establecemento de criterios para un marco básico de financiamento do instrumento metropolitano.





- ✓ Documento tres: Anteproxecto de texto articulado para unha Lei da área Metropolitana da Coruña (AMC).

Considérase pertinente que o devandito traballo sexa realizado por profesores titulares da Universidade da Coruña e iso en base ás seguintes consideracións:

1. Que a UDC como institución de servizo público, ten como fins prioritarios, entre outros, ou fomento da investigación e a innovación, ben como a súa transferencia cara a sociedade. Para ou mellor cumprimento destes fins, a UDC mantén relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e promove a celebración de convenios de investigación, innovación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente, ao abeiro da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e do artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades.
2. Que a UDC posúe solvencia probada en traballos relacionados co obxecto do contrato. Con data 15 de outubro de 2012, asinouse contrato de servizos entre a Universidade da Coruña e o Consorcio das Mariñas, en virtude do cal se encargou ao profesor doutor de Dereito Administrativo, D. Carlos Alberto Amoedo Souto, ou "*estudo, deseño e redacción dun protocolo de colaboración administrativa do Consorcio das Mariñas co Concello da Coruña*".
3. Ou contido desta proposta de contrato e a súa execución axustarase ao disposto non Regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos, artísticos ou docentes da Universidade da Coruña (DOG do 01 de outubro de 2013; en diante, Regulamento) e ao previsto non artigo 83 da LOU.


Os traballos derivados da execución deste contrato serán executados por persoal docente, investigador e da administración e servizos da Universidade da Coruña que figura non presente informe, baixo a dirección do profesor Carlos Alberto Amoedo Souto, catedrático E.U. de Dereito Administrativo en servizo activo, que ten a condición de investigador principal e responsable da execución do contrato.

#### PERSOAL INVESTIGADOR ADSCRITO Á EXECUCIÓN DO CONTRATO

D. Carlos Alberto Amoedo Souto (IP). Catedrático E.U. Dereito Administrativo







D<sup>a</sup> Vitoria de Dios Viéitez. Profesora Titular de Dereito Administrativo  
D. Santiago Roura Gómez. Profesor Titular de Dereito Constitucional

**Carlos Alberto Amoedo Souto**

Catedrático E.U. de Dereito Administrativo e Ex - Secretario Xeral da Universidade da Coruña.

Experto en medios propios da Administración, conta cunha ampla experiencia en xestión e contratación pública, en especial o ámbito cultural. Na actualidade é membro permanente da Mesa de Contratación da Universidade da Coruña.

- Catedrático E.U. Dereito Administrativo Universidade da Coruña (2002).
- Asesor do Ilustre Colexio de Veterinarios da Coruña (2002-2005).
- Secretario Xeral da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia (2005-2009).
- Secretario das Fundacións Cidade da Cultura, Illa de San Simón e Museo do Mar (2005-2009).
- Vogal do Consorcio da Cidade de Santiago (2005-2009).
- Secretario do Consorcio Galicia Navega Volta ao Mundo a Vela (2005-2011).
- Desde maio de 2010 ata xaneiro de 2016 , Secretario Xeral da Universidade da Coruña e membro permanente da súa Mesa de Contratación.

**María Vitoria de Dios Viéitez**

Profesora Titular de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña

Doutora en Dereito pola Universidade de Navarra. Profesora Titular de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña.

Doutora en Dereito pola Universidade de Navarra en cuxas Facultades de Dereito e Farmacia impartiu docencia ata o ano 1995, é Profesora Titular de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña. Experta en materia de Procedemento Administrativo, foi Directora de Programas en materia de informes e ditames de carácter xurídico-universitario, adscrita á Asesoría Xurídica da Universidade da Coruña, Directora do Máster en Dereito Sanitario da Universidade da Coruña, así como Secretaria da Revista Galega de Administración Pública. Na actualidade é Directora do Máster Universitario en Avogacía da Universidade da Coruña.

Á marxe da súa participación como relatora en diferentes Xornadas -por exemplo, sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno- é autora de diversas publicacións, entre outras:

- Resarcimento polo Estado dos danos que orixinan os delitos de terrorismo, Actualidade Administrativa, números 17 e 18, Madrid 1987.
- O ditame do Consello de Estado nos regulamentos executivos. Control de legalidade ou coparticipación na potestade regulamentaria?, Revista Española de Dereito Administrativo, número 60, Madrid 1988.
- Código de Dereito Farmacéutico, Editorial Civitas, Madrid 1991.
- Ensaio clínicos con medicamentos: cuestións xurídico-administrativas, Revista Xurídica de Navarra, número 17, Pamplona 1994.
- Silencio administrativo e prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo. En especial o deber de información ex artigo 42.4.2º da Lei 4/1999 e a doutrina do Tribunal Constitucional que equipara as desestimacións por silencio ás notificacións defectuosas, Foro galego, número 196-197, A Coruña 2007.
- Cómputo de prazo e benevolencia dos tribunais, Actualidade Administrativa, número 19, Madrid 2011.
- Recursos mineiros e ordenación do territorio Unha análise desde a Comunidade autónoma de Galicia. Editorial Atelier, Barcelona 2015.

**Santiago Roura Gómez**

- Profesor Titular de Dereito Constitucional da Universidade da Coruña. Autor de varias monografías, artigos e capítulos de libros, na súa traxectoria investigadora destacan as achegas relativas á análise constitucional do Estado composto, en España e noutros ordenamentos, o estudo da xustiza constitucional territorial como factor destacado da dinámica federal, a posición constitucional dos entes locais, os dereitos fundamentais no traballo policial, a organización xudicial en España e no Dereito Comparado, en particular nos Estados Unidos, a historia constitucional española, etc.
- Foi secretario xeral da sección sindical de FETE-UXT na súa Universidade e presidente da Xunta de Persoal Docente e Investigador da mesma.




- Entre agosto de 2005 e abril de 2009 ocupou sucesivamente os cargos de Director Xeral de Xustiza e Secretario Xeral na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Como contraprestación pola execución dos servizos contratados, o Concello da Coruña comprometése a aboar a cantidade de 12.000 euros (mais ou IVE correspondente).

A UDC facturará a anterior cantidade co IVE legalmente vixente dirixíndoas ao nome do Concello da Coruña, e faranse efectivas á Universidade da Coruña con CIF Q6550005J, e domicilio en Rúa da Maestranza, s/n, 15001 A Coruña, na conta corrente que se faga constar na factura e sempre mediante transferencia bancaria.


A Coruña, a 15 de decembro de 2016.

O XEFE DE SERVIZO DA ALCALDÍA,



Asdo.- José Manuel Peña Penabad.

Vº e Prace  
O DIRECTOR DE APOIO NA ALCALDÍA,



Asdo.- Juan Carlos Martínez Muñiz